

PRINCIPIOS REITORES

VOLUNTARIEDADE
e consenso dos titulares das terras

RENDIBILIDADE
das actividades económicas previstas

SOSTIBILIDADE
nos usos e nas técnicas



 XUNTA DE GALICIA

Máis información



DIARIO OFICIAL DE GALICIA



AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA RECUPERAR É DE LEI

 XUNTA DE GALICIA

CONTEXTO E OBXECTIVOS



Por que unha Lei para recuperar a terra agraria de Galicia?

Porque o **sector primario é estratéxico para Galicia**, onde unha gran parte do territorio está ocupado por actividade agrícola, gandeira e forestal

Porque existe unha **demanda de base territorial por parte das explotacións agrogandeiras e de novos emprendedores** e ao mesmo tempo hai **máis de 500.000 ha de terra agraria abandonada** de moi boa aptitude agraria

Cales son os obxectivos da Lei?

A Lei contempla a **recuperación e posta en valor das terras agrarias de Galicia**, tendo en conta os usos agrícolas, gandeiros e forestais, cunha adecuada **ordenación** dos mesmos e contribuíndo a **crear e dinamizar a actividade económica e a calidade de vida** no medio rural galego

UNHA LEI PARA...

- Os titulares de predios infrautilizados ou abandonados
- Os propietarios de explotacións agroforestais que precisen ampliar ou mellorar a base territorial das súas explotacións
- Os novos emprendedores no rural
- As persoas e colectivos dispostos a investir no sector

Na que colaboran coa **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**:

Entidades locais
Grupos de desenvolvemento rural
Entidades asociativas de ámbito agroforestal

Cooperativas
Colexios profesionais
Entidades sen ánimo de lucro



A LEI COMPLETA O MARCO NORMATIVO EXISTENTE

Mellorando os mecanismos e ferramentas de leis anteriores e completándoos con outros novos, deseñados especificamente para Galicia:

PARA ORDENAR E PLANIFICAR DE FORMA INTEGRAL O TERRITORIO

Establecendo o procedemento de investigación da titularidade das terras

Contemplando a elaboración do catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia e o Mapa de usos agroforestais

PARA INTERMEDIAR NOS PROCESOS DE RECUPERACIÓN E LOITA CONTRA O ABANDONO

Fortalecendo o **Banco de Terras** e creando o **Banco de Explotacións**

Definindo os procedementos de declaración de abandono ou infrautilización

Fomentando as **permutas de especial interese agrario**

PARA RECUPERAR A TERRA ABANDONADA

Con aldeas modelo

Con polígonos agroforestais e os polígonos cortalumes

Con agrupacións e actuacións de xestión conxunta

NOVOS INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA



ALDEAS MODELO

Recuperación de xeito sustentable de terreos agrarios arredor dos núcleos de poboación

Creación de actividade agrogandeira que contribúa a previr incendios

Os propietarios conservan a titularidade e reciben unha renda

Os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo permitirán actuacións na parte urbana



POLÍGONOS AGROFORESTAIS

Volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización

Por iniciativa da Administración ou a solicitude de particulares


Control do acaparamento de terras



AGRUPACIÓN DE XESTIÓN CONXUNTA

Para a xestión conxunta e sustentable de terreos agroforestais co fin de recuperalos e poñelos en valor, favorecendo a produción e comercialización conxunta, impedindo o seu abandono e servindo como instrumento para a protección do medio ambiente

NOVAS ESTRATEXIAS EUROPEAS



É unha lei acaída e aliñada coas **novas estratexias e políticas** impulsadas por Europa:

- A **Política de Cohesión 2021-2027 (Desenvolvemento das zonas rurais)**
- O **Pacto Verde Europeo, a Estratexia da granxa á mesa e a Estratexia de Biodiversidade 2030**
- A **Acción Smart Villages**
- A **arquitectura verde da nova PAC**